

Materia: Ed.Plástica Visual e Audiovisual

(Dpto. de Artes Plásticas)

Profesor e Xefe do Dpto.: Víctor Rguez. Saavedra

- **1.-Criterios de avaliación e promoción do alumnado.**
- **2.-Instrumentos de avaliación.**
- **3.-Mínimos esixibles.**

1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

En xeral, os criterios de cualificación van dirixidos a recompensar a continuidade no traballo, a formalidade nos compromisos de entrega e a responsabilidade con que o alumno afronta a materia dentro do contexto xeral do estudio. Por contra, penalizarase as actitudes negativas coma a desidia, a inconstancia, o traballar según o gusto das apetencias do alumnado exclusivamente, a falsiade dos traballos, copias de exames ou probas, etc.

Tentarase consensuar con cada grupo de alumnos ao comenzo do curso, uns criterios comúns para que a súa avaliación sexa equitativa e coherente co esforzo a realizar por cada un deles/as.

Concretamente, farase **fincapé na ACTITUDE, e NOS TRABALLOS PRÁCTICOS** por enriba dos teóricos. O alumnado terá que alcanzar unha calificación de **6 ou 7** para poder ser eximido da proba trimestral teórica (exame); se non, o alumno/a obtendrá a súa nota resultado da media aritmética entre as dúas partes que compoñen principalmente (tamén serían sumativas as observacións do profesorado, asistencias, traballos extras, etc) a calificación global do trimestre. Ademáis o alumno/a terá que ter moi en conta a fechas de entregas inmediatas e finais que o profesor dicte para poder obter como válidos os traballos realizados polos alumnos. Se un alumno/a non pode entregar o traballo/ficha etc. nun fecha preestablecida, darase unha segunda oportunidade de entrega do traballo/s segundo unha xustificación familiar e sempre por escrito; do contrario, non se terá nunca en conta a recepción de dito/s traballos por parte do profesorado, co cal figuraría ese exercicio coma non presentado (N.P.)

As **actividades prácticas/teóricas que teñan que recuperarse**, consensuaranse co profesor según cada caso particular, aínda que todas elas deberán ser entregadas con tempo suficiente a avaliación correspondente. A súa valoración consistirá nunha puntuación do 1 ao 10

A **cualificación final ordinaria do curso** obterase partindo da media entre as tres cualificacións trimestrais e tendo en conta positiva ou negativamente as valoracións cualitativas das actitudes, os procedementos e os conceptos.

A **proba extraordinaria de Setembro** calificarase cunha nota entre o 1 e o 10, según os resultados. Así mesmo, a **cualificación final das materias pendentes** será como a da convocatoria extraordinaria de setembro.

Cualificaranse os seguintes aspectos en xeral:

- Nivel de comprensión conceptual.
- Correcta realización dos exercicios.
- Habilidade e destreza.
- Imaxinación e creatividade.
- Presentación, orde e limpeza, precisión nas realizacións dos traballos.
- Esfuerzo e tempo de traballo invertido nos traballos individuais e grupais.
- Puntualidade na entrega.
- Asistencia puntual e diaria as clases, xustificalas faltas correctamente.
- Traelo material necesario sempre as clases.
- Constancia, formalidade e honestidade nos traballos.
- Respetto ás normas de convivencia.
- Participación e interese na materia.
- Fixación e posta en práctica dos conceptos.
- Progresos en habilidades e destrezas.
- Coidado dos materiais persoais e colectivos.

2.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para lograr unha aprendizaxe significativa que contribúa á mellora do rendemento individual e de grupo dos alumnos/as , a avaliación deberá ser continua e formativa e estar atenta á evolución global do alumnado, tanto no intelectual como no afectivo e social.

Nos primeiros días de curso, realizarase unha **avaliación inicial** a través dun cuestionario deseñado para detectar, xunto coa observación directa do profesor, os niveis de coñecementos previos, habilidades e actitudes do alumno/a, e así poder detectar carencias graves e necesidades educativas especiais que requiran unha medida de atención á diversidade.

Ao longo do curso farase un **seguimento continuado de cada estudante**, rexistrando todas **as incidencias, progresos, traballos voluntarios, faltas de asistencia, faltas de orden ,etc**, nun caderno de clase que controlará o profesor. Os rexistros utilizados serán do tipo: **mal, regular,ben, moi ben, + ou -**, ademais das mencionadas notas numéricas e escritas calificativas.

Tentarase facer, a maior parte das veces, **traballos grupais** (xa que o noso futuro académico e laboral o demanda) a maiores dos individuais; de tal maneira, á hora de avalialos traballos en grupo, o profesor terá moi en conta o traballo individual dentro do mesmo, se ben a calificación sería grupal.

A avaliación na convocatoria extraordinaria de setembro farase a través **dunha proba teórico-práctica** na que se avaliará, tomando como referencia os contidos mínimos e os criterios de avaliación da área e nivel que corresponda.

A avaliación do alumnado coa **materia pendente** será realizada a partir das actividades deseñadas no **Plan de Recuperación** exposto nun vindeiro epígrafe desta programación.

Queda a criterio do profesor o emprego complementario, cando corresponda, **doutros instrumentos de avaliación** coma controis escritos, probas orais, etc. co fin de precisar o grao de consecución de obxectivos dun curso, grupo ou alumno en particular.

3.- CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

1º ESO.EPVA

- Instrumentos de traballo para a materia.
- A comunicación visual.Elementos.
- A cor. Mezclas aditivas e sustractivas. O círculo cromático.
- As texturas táctiles e visuais.
- O debuxo do natural como recurso expresivo.Relación figura-fondo. O claroscuro, o volume e o espacio.
- A liña e o ángulo como elementos xeométricos.Diferentes posicións e tipos.
- Os polígonos básicos e o seu trazado : cadrado, triángulo, hexágono,...
- As simetrías axial, central e radial.
- Planos e volumes. Paso do plano ao volume.
- Introducción as perspectivas.
- O cómic e os seus elementos.

3º ESO. EPVA

- Tanxencias esenciais e básicas entre rectas e circunferencias.
- As escalas,coñecemento básico e a súa aplicación.
- A espiral, o óvalo e o ovoide.
- Cores complementarias , cálidas e frías. Simboloxía da cor.
- Formas modulares, módulos e redes.
- A mensaxe publicitaria e o seu mensaxe.
- A linguaxe cinematográfica.
- Os sistemas de representación como recurso para representar o espacio no plano.

- A perspectiva caballera e isométrica.
- O sistema cónico. Fundamentos básicos lineais e oblicuos.

4º ESO.EPVA.

- O debuxo do natural como recurso para representar o noso entorno. O claroscuro, o espacio, a perspectiva.
- A composición, clases e aplicacións.
- O ritmo modular e as súas variantes.
- A cor e a luz como recursos compositivos.
- A imaxe estática. A fotografía.
- A imaxe en movemento, o cine. O proceso de elaboración dunha película.
- A fotomontaxe como medio de expresión.
- O deseño e a señalética. O cartel como instrumento de comunicación/ información. A ilustración. O packaging.
- A escultura. Procesos de elaboración.
- A acotación e a normativa no debuxo técnico. O croquis.
- Os sistemas de representación (diédrico, axonométrico e p. cónica).
- Programas informáticos e trazados básicos no deseño artístico e técnico (Sketchup, Gimp,...)
- Uso de certas escalas na elaboración de traballos sinxelos.

.....

(Dpto. de Artes Plásticas 2016/2017 - CPI As Mirandas/ Ares.)

O xefe do Dpto.

Víctor M. Rguez. Saavedra.